

ALTERACIÓNS DA NORMA

Os castelanismos

Son interferencias da lingua castelá debidas ao contacto entre ambas linguas ao longo dos séculos. Habitualmente son formas que están integradas na lingua galega ata tal punto que substituíron por completo as formas galegas orixinarias. Algúns exemplos son os seguintes (indícase con asterisco o castelanismo):

CASTELANISMOS LÉXICOS	CASTELANISMOS FONÉTICOS
▲ Convivencia de dúas formas: tixola / *sartén ▲ Intento de adaptación ao galego: cella / *cexa ▲ Formas plenamente introducidas: cadeira / *silla ▲ Formas aceptadas en diversas linguas: *guerrilla, *tortilla ▲ Confusión no uso de "sono" e "soño"	▲ Pronuncia incorrecta: laxe (pronunciado "lakse"), unha (pronunciado "una") ▲ Redución do sistema vocálico de 7 vogais a 5, eliminando a oposición entre semiabertas e semipechadas
MORFOLÓXICO:	SINTÁCTICOS
▲ Cambio de xénero de determinados substantivos: *o ponte, *a sangue ▲ confusión dos pronomes TE/CHE ▲ Uso de tempos verbais compostos	▲ Colocación errónea do pronome: *Me dás o libro? ▲ Ausencia do posesivo ante artigo: *Meu can está fóra. ▲ Uso da preposición nas perífrases: *Vou a xogar.

Os vulgarismos

Son unha diverxencia respecto da norma académica que se producen na lingua oral debido á pronuncia pouco coidada que ás veces conduce á simplificación ou á adición de fonemas.

Na táboa seguinte sinálanse con asterisco algúns exemplos de vulgarismo:

VULGARISMOS VOCÁLICOS	VULGARISMOS CONSONÁNTICOS
▲ Vacilación: terreo / *tarreo ▲ Adición: rodeo / *arrodeo, comer / *comere ▲ Supresión: – estaba / *taba, – esperanza / *espranza, – bondade / *bondá	▲ Confusión: almacén / *armacén ▲ Substitución de "r" por "s": esnaquizar / *ernaquizar ▲ Vocalización de grupos cultos: aspecto / *aspeuto, p

Os hiperenxebrismos

Denomínanse tamén hipergaleguismos e consisten na alteración dunha forma galega correcta por similitude con outras ata caer na incorrección. Sucede isto en formas incorrectas como "oficiña", que non debe adoptar a terminación –iña como sucede noutras palabras galegas. A forma correcta é "oficina". Outro exemplo é o caso de "primaveira", que tampouco pode incorporar a terminación –eira como sucede en palabras como "neveira". A forma correcta é "primavera". Estes fenómenos de hipercorrección que conducen á incorrección débense a un intento de afastamento respecto do castelán.

Os arcaísmos

Á medida que se foi producindo a descuberta e a edición de textos galego-portugueses medievais apareceu unha tendencia a rescatar formas galegas da Idade Media para diferenciar o galego do castelán. Sucedeu isto cando se pretendeu substituír formas galegas modernas coincidentes coas castelás resucitando vocábulos achados nos textos medievais. Algúns dos exemplos máis frecuentes son os seguintes (sinálanse con asterisco os arcaísmos):

ARCAÍSMOS		
FONÉTICOS	LÉXICOS	SINTÁCTICOS
- Mantemento de grupo consonánticos: falecer / *falescer - Mantemento de hiatos: cor / *coor, dor / *door	Formas desaparecidas da lingua moderna: capítulo / *capíduo, título / *tíduo, vez / *vegada	Anteposición do pronome átono: Xa non se ve nada / *Xa se non ve nada

ACTIVIDADES ALTERACIÓNS DA NORMA

Tarefa 1. Os castelanismos

Os castelanismos son a consecuencia de séculos de presión que exerceu a lingua castelá sobre a galega. Son o tipo de interferencias máis importantes debido fundamentalmente ao seu elevado número e, ao mesmo tempo, son a ameaza máis seria da nosa lingua, pois presentan unha enorme dificultade á hora de os eliminar. Son castelanismos: *sa por xa (pronuncia dun x como se fose un s), *parexa por parella, *abuelo por avó, *mo dixo el por díxome el, *laveime a cara por lavei a cara, etc.

1.1. Substitúe os seguintes castelanismos pola forma galega correcta:

- | | |
|--------------|----------------|
| – Conexo: | – Pañal: |
| – Naranxa: | – Rodilla: |
| – Miércoles: | – Tobillo: |
| – Hoy: | – Planchar: |
| – Abuela: | – Saltamontes: |
| – Ochenta: | – Casarse: |
| – Cuchara: | – Beca: |
| – Escoba: | – Turno: |
| – Tenedor: | |

1.2. Localiza os castelanismos e substitúeos pola palabra correcta:

- Colle esa olla que está vacía e ponlle os calamares que hai derriba da mesa.
- A carne cómese con cuchillo e tenedor, o postre con culleriña. Non olvides a servilleta.
- Está loco de envidia; non pensa nada máis que en casarse con ela.
- Quíttalle a grasa á carne e as plumas ao polo.
- Ten o xardín cheo de babosas e no estanque non lle cabe outro renacuaxo.
- Fáltalle un tornillo e a rosca para acabar de montar a estantería.
- Alcánzame o cascanoces; din que as noces son boas para o cutis.
- Na guerra de Iraq estase a producir unha masacre.
- Regaleille ao neniño de Pura un sonaxeiro e unha peonza.
- Teño que solicitar unha beca para ir á Universidade.
- Xorxe non barras a túa habitación que aínda está moi limpia.
- Hoxe vin un libro que tiña: golondrinas, codornices, mariposas, ruiseñores e unha ballena

Tarefa 2. Os vulgarismos

Fíxate nas seguintes palabras: *arradio, mullere, a-i-alma, tar, espritu, verdá*. A todas elas se lles engadiu ou suprimiu unha vogal. Tamén pode haber alteracións vocálicas: *aducado, Curuña, ánemo, ministro, taléfano, número, etc.* Suprimir, engadir ou cambiar as vogais xera vulgarismos. Tamén o cambio de consoantes xera vulgarismos: *pulgatorio, almario, bulra, fídagó, aluno, etc.*

Escribe ao lado dos seguintes vulgarismos a palabra correcta. Indica :

- | | |
|-------------|-------------|
| – Pidir: | – Inorante: |
| – Anduriña: | – Ademirar: |
| – Lovar: | – Mullere: |
| – Somana: | – Vran: |
| – Amoto: | – Facere: |
| – Espranza: | – Probe: |
| – Virtú: | – Calros: |

Tarefa 3. Os hiperenxebrismos

Os hiperenxebrismos ou hipergaleguismos responden á vontade de afastar as formas galegas das correspondentes castelás. Fíxate nas seguintes formas: Castelán: primavera / Galego: primavera Castelán: nevera / Galego: neveira
O sufixo *ero/era* do castelán non se corresponde sempre co galego *eiro/eira*. Por iso o termo primaveira é un hipergaleguismo.

Corrixe os seguintes hipergaleguismos:

- | | |
|-----------------|-------------|
| – Orgaísmo: | – Brilante: |
| – Imposibre: | – Montana: |
| – Persoalidade: | – Estrano: |
| – Persoaxe: | – Amabre: |
| – Mileiros: | – Prumaxe: |
| – prisoeiro: | – Gasoliña: |
| – Conscente: | – Humán: |
| – Invencibre: | – Sinceiro: |
| – Incrinado: | – Freconte: |
| – Hourizonte: | – Cencia: |
| – Orgulo: | – Urbán: |

Tarefa 4. Os arcaísmos

Os arcaísmos son formas galegas propias da Idade Media que se utilizaron, en textos dos primeiros anos do século XX, para diferenciar o galego do castelán. Teñen un afán diferencialista, como os hipergaleguismos. Os arcaísmos están en desuso na actualidade.

Substitúe os seguintes arcaísmos polas formas correctas:

- | | |
|---------------|-----------|
| – Conquerir: | – Door: |
| – Falescer: | – Outo: |
| – Favorescer: | – Maor: |
| – Capiduo: | – Nascer: |

TAREFA 5. As seguintes palabras son vulgarismos, hiperenxebrismos, castelanismos e arcaísmos. Clasifícaaos e pon a forma correcta: *mortaxa, difrente, ren, orgulo, asasiño, páledo, lexos, capiduo, mor, intrés, colabourar, parexa, merescer, arbres, lechuga, gabardiña.*

Hiperenxebrismos	Arcaísmos	Vulgarismos	Castelanismos